

3º CICLO E.PRIMARIA




- **Dióxenes-P.Albo-Kalandraka:** Toda a familia de Dióxenes colecciona cousas: dunas, bosques, pozas... A casa está chea ata os topes. E de cando en vez ven o tío carteiro coa súa colección de cartas de amor. Humor e tenrura para achegarse a un síndrome do que falan nos telexornais.

- **A coroa de Napoleón-Jaureguizar-Xerais:** Para ti, que es bo/a lector/a, un novo caso para o reporteiro Tintimán, axudado polo seu gato Señor Grozni, e por Mónica, que asegura ser a súa moza. Esta vez en A Coruña, onde desaparece a coroa de Napoleón, prestada por Francia para celebrar o bicentenario da Batalla de Elviña. Liches o primeiro caso de Tintimán: **Corazón de chocolate?**




- **Reinas de los mares.Las mujeres piratas alrededor del mundo-J.Yolen-Oniro:** Con pistola e alfanxe, capitanearon barcos piratas, valentes e ousadas, inxustamente esquecidas pola historia. Coñéceas.

- **Polly y los piratas-T.Naifeh-Dib-buks :** Outra de piratas, con mapa do tesouro incluído, en banda deseñada estilo cartoon. Polly estuda nun internado remilgado para nenas de boas familias. Unha tripulación pirata vai secuestrala para convertirla na capitana do seu barco, herdeira como é da desaparecida Raíña Pirata.



- **Os tratantes de papagaios-L.Vila-Galaxia :** Falan os animais? E como falan? Falaron os humanos algunha vez coma eles? E se fósemos quen de lembrar aquela linguaxe?

- **Tezuka.Escuela de animación,1(nivel básico) e 2 (animais en movemento)-O. Tezuka- Norma:** Coa axuda de Astro Boy, aprende técnicas básicas de animación dun experto pai do manga.



- **Do A ao Z con...Uxío Novoneyra-F.Fdez.Naval-Everest:** Achegamento á vida, paisaxes e poemas de Novoneyra neste "vocabulario" esencial do autor. Na mesma colección poderás achegarte ao de Rosalía, Castelao, Neira Vilas, Cabanillas...

